

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 8 de outubro de 2002 pola que se rectifican erros advertidos na do 16 de xullo de 2002 (Diario Oficial de Galicia do 13 de setembro), pola que se regula a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas da formación profesional específica de réxime xeral na Comunidade Autónoma de Galicia.

Publicada na Orde ECD/1842/2002, do 9 de xullo (BOE do 19 de xullo), a corrección de erros adver-

tidos na Orde do 20 de decembro de 2001 (BOE do 9 de xaneiro de 2002), pola que se determinan validacións de estudos de formación profesional específica derivada da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e de aplicación en todo o territorio nacional, debe procederse á adecuación a tales termos na orde dictada nesta Comunidade Autónoma coa mesma finalidade.

En consecuencia, rectifícase a Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro) no seguinte sentido:

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2002.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

No anexo IV, onde di:

Química dos tratamentos (de ciclos de grao superior)	Curtidos	Téxtil, confección e pel
	Procesos de ennobrecemento téxtil	
	Química ambiental	

Debe dicir:

Química dos tratamentos (de ciclos de grao superior)	Curtidos	Téxtil, confección e pel
	Procesos de ennobrecemento téxtil	

No anexo VI, substitúese o anexo VI publicado polo seguinte:

Formación achegada			Formación para validar	
Familia profesional	Ciclos formativos/Módulos profesionais (ciclo formativo ó que pertencen)	Grao	Módulos profesionais para validar (ciclo formativo ó que pertencen)	Grao
Calquera familia	Módulo profesional: formación e orientación laboral (calquera ciclo formativo)	GS	Formación e orientación laboral (calquera ciclo formativo)	GS/GM
	Módulo profesional: formación e orientación laboral (calquera ciclo formativo)	GM	Formación e orientación laboral (calquera ciclo formativo)	GM
	Módulo profesional: relacións no equipo de traballo (calquera ciclo formativo)	GM	Módulo profesional: relacións no equipo de traballo (calquera ciclo formativo)	GM
	Módulo profesional: relacións no contorno de traballo (calquera ciclo formativo)	GM	Módulo profesional: relacións no contorno de traballo (calquera ciclo formativo)	GM
	Módulo profesional: relacións no contorno de traballo (calquera ciclo formativo)	GS	Módulo profesional: relacións no contorno de traballo (calquera ciclo formativo)	GS
	Módulo profesional: relacións no contorno de traballo (calquera ciclo formativo)	GS/GM	Relacións no equipo de traballo (calquera ciclo formativo)	GM
	Módulo profesional: administración, xestión e comercialización na pequena empresa (calquera ciclo formativo)	GS	Módulo profesional: administración, xestión e comercialización na pequena empresa (calquera ciclo formativo)	GM
Administración	Ciclo formativo: xestión administrativa	GM	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa (calquera ciclo formativo)	GM
	Ciclo formativo: administración e finanzas	GS	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa (calquera ciclo formativo)	GS/GM

Orde do 10 de outubro de 2002 pola que se modifica a do 4 de marzo de 2002 (Diario Oficial de Galicia do 11 de marzo) pola que se convocan axudas para a realización de actividades de alfabetización e formación de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2002, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Pola Orde do 4 de marzo de 2002 (DOG do 11 de marzo) convocáronse axudas para a realización de actividades de alfabetización e formación de adul-

tos na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2002.

Sendo necesario incrementa-la contía das axudas debido á existencia dun maior número de actividades de formación de persoas adultas que se realizan por entidade solicitante

DISPOÑO:

Artigo 1º

Modifica-lo artigo 3 da citada orde, onde di: «O importe total das axudas económicas efectuarase con